

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 11 DE MAIO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de maio de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 04 de maio do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

.- EXPEDIENTE RIB/N/16.2/09- DE JUAN ANTONIO JEMINEZ BAREA CORONEL XEFE DO SERVICIO.

“Visto o escrito de Don **Juan Antonio Jiménez Barea**, Coronel Xefe do Servicio en representación da Dirección Xeral da Policía e da Guardia Civil, onde solicita Licenza de obra maior.

Visto os informes da arquitecto Mercedes Alvarez López de data 08 de maio do 2009, e 11 de maio do 2009 respectivamente, solicitado como aclaración do informe anterior por parte do departamento de Secretaría, no que se fan as seguintes consideracións:

1º. INFORME

- ANTECEDENTES:

30.01.09. Solicitante: Presentación de “Proxecto Básico e de Execución de Reforma Casa Cuartel Garda Civil”.

13.03.09. Inf. Téc. RIB/N/16/09: Informe Desfavorable.

02.04.09. Comisión de Seguimento: Aprobación Informe Técnico.

O citado “Proxecto Básico e de Execución de Reforma Casa Cuartel Garda Civil” e o Estudio de Seguridade e Saúde están redactados e firmados polo arquitecto D. José Jaime Vázquez Iglesias, adxúntase Informe, en sentido favorable, da Oficina de Supervisión de Proxecto da Subdirección Xeral de Xestión Económica e Patrimonial do Ministerio do Interior. E no escrito presentado polo arquitecto, de data de 4 de maio de 2009, alega tamén a revisión da citada oficina.

A Dirección das Obras está a cargo do mesmo arquitecto. A Dirección da Execución Material das Obras e a Coordinación en materia de Seguridade e Saúde están a cargo de D. Gerardo Álvarez Fernández.

Trátase dunha edificación, de planta semisoto, baixa e catro plantas altas, situada de forma illada nunha parcela con fronte á rúa Álvaro Cunqueiro, colindante ó este e ó sur có Campo da Feira, e ó norte, cos Xardinciños. Planta de forma rectangular, con paramentos de fachadas de pedra, carpintería exterior de aluminio lacado en cor branca e cuberta a catro augas con faldóns de tella curva.

O uso da edificación é de Casa Cartel da Garda Civil, composto por garaxe e rochos na planta soto; Cuartel na planta baixa e vivendas nas tres plantas altas, catro vivendas por planta.

A actuación proxectada comprende:

PARCELA:

- No Proxecto planeábase a substitución das cocheiras existentes, abertas, con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica, por outras pechadas, dispostas en dous bloques paralelos, para vehículos particulares, con fábrica de bloques de formigón e cuberta de chapa de aceiro prelacado sobre correas metálicas, con porta automática, incluíndo espazo destinado ós rochos.
No escrito presentado, comunícase que non se executarán as cocheiras pegadas ó lindeiro.
- Substitución do cerramento de arame, no lateral esquerdo, por muro de bloques de formigón.
- Substitución das cocheiras existentes, abertas, con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica, por outras pechadas, dispostas en dous bloques paralelos, para vehículos particulares, con fábrica de bloques de formigón e cuberta de chapa de aceiro prelacado sobre correas metálicas, con porta automática, incluíndo espazo destinado ós rochos.
- Substitución do cerramento de arame, no lateral esquerdo, por muro de bloques de formigón.

PLANTA SEMISOTO:

- Instalación de dúas caldeiras de calefacción e auga quente sanitaria, coa correspondente formación da sala de caldeiras e depósito de gasóleo enterrado na parcela.
- Execución dun carto destinado á arquivo.
- Mantemento de catro prazas de garaxe para uso de vehículos oficiais.

PLANTA BAIXA:

- Execución de rampla de acceso para persoas con mobilidade reducida.
- Modificación da distribución da zona destinada a Cuartel, incluíndo formación de aseo para persoas con mobilidade reducida, e acabados e instalacións.
- Modificación da distribución da zona dereita da planta baixa, coa formación de dúas vivendas e vestiarios, ocupando estes a zona dereita do soportal, todo elo cos correspondentes acabados e instalacións.

PLANTAS ALTAS (1ª, 2ª E 3ª):

- Modificación da distribución das vivendas A e C para a incorporación dun aseo, diminuíndo a superficie do estar - comedor.
- Substitución dos acabados en baños, cociñas e tendais.
- Renovación das instalacións de fontanería e saneamento, electricidade e calefacción.
- Substitución da carpintería interior, portas de paso e de armarios.

FACHADAS:

- Colocación dunha segunda carpintería exterior.
- Substitución das celosías existentes en tendais por ventás corredeiras de aluminio lacado en branco.

A parcela atópase incluída dentro do Solo Urbano do núcleo urbano de Ribadavia e dado que se atopa situada dentro da Delimitación da ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, deberase cumprir o fixado no Título XII.- Zona de Protección das Ordenanzas do P.E.P.R.I.:

-Artigo 89. Condicións de Altura: "De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Concas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de

respecto ningunha nova edificación poderá exceder as tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo".
-Artigo 90. Condicións de Estética: "Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas".

Respecto ás Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, segundo consta no plano de ordenación, é de aplicación a Ordenanza D: Dotacional.

Por outro lado, na actualidade existe suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM); sen embargo enténdese que as obras que se proxectan non se atopan entre as que poidan interferir coa aprobación do mesmo.

*** CONDICIÓN DE USO:**

- *Usos admitidos, segundo apartado 4.4.3.1 das NN.SS.PP.MM.: "residencial: vivendas asociadas á dotación, comercial : 2º e 3º grado vinculados á dotación, dotacional : todos os grados".*

Segundo apartado 2 de 4.5.4. Sistema Xeral de Equipamentos Públicos do PXOM: "administrativo, escolar ou docente, deportivo, sanitario, cultural, asistencial, comercial, cemiterios, turístico (cámpings)".

No Proxecto presentado, mantense o uso de Casa Cuartel existente, que se entende incluído dentro do uso dotacional, polo que cumpre a citada normativa urbanística.

*** CONDICIÓN DE POSICIÓN:**

- *Segundo apartado 4.4.4.1 das NN.SS.PP.MM.: "retranqueo mínimo: 5 m., en todos os lindeiros".*
No apartado 4.5.4. Sistema Xeral de Equipamentos Públicos do PXOM, non se fixan retranqueos.

No escrito presentado, comunícase a non execución das cocheiras pegadas o lindeiro posterior que se definían no Proxecto.

*** CONDICIÓN DE PARCELACIÓN E EDIFICABILIDADE:**

- *Segundo apartado 4.4.4.2 das NN.SS.PP.MM.: "Superficie edificable máxima: 50 m², e segundo apartado 4.4.4.4 das NN.SS.PP.MM.: edificabilidade máxima 1 m²/m².*

No apartado 4.5.4. Sistema Xeral de Equipamentos Públicos do PXOM, non se fixan retranqueos.

Segundo apartado 4 de 4.5.4. Sistema Xeral de Equipamentos Públicos do PXOM: "Serán as mesmas que para a edificación normal situadas no contorno próximo da parcela dedicada a equipamentos, pero coa limitación adicional de non exceder os 9,8 m. de altura...".

No Proxecto, modificado polo escrito presentado, non se modifican as condicións de ocupación e edificabilidade da edificación.

*** CONDICIÓN ESTÉTICAS:**

É de aplicación o Título VII. Condicións estéticas do P.E.P.R.I. e a Modificación Puntual aprobada definitivamente con data de 26 de febreiro de 2004.

Artigo 90.1.- Carpintería exterior de ocos de fachada en Zona de Protección:

No Proxecto presentado, proxéctase a colocación de dobre carpintería de aluminio lacado en cor branco, con apertura corredeira, incluso na zona destinada a tendais.

Obtendo o Informe Favorable Previo da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I.

Por outro lado, no escrito presentado xustifícase a substitución da aramada do peche esquerdo por bloque de formigón por motivos de seguridade.

En aplicación do artigo 47.1.- Fachadas do P.E.P.R.I. o paramento de bloque de formigón planteado deberá presentar acabado superficial.

En base o citado artigo 47.1.- Fachadas do P.E.P.R.I., as chemineas de saída de fumes das caldeiras de calefacción, que se proxectan recorrendo a fachada posterior, deberán resolverse cun tratamento que non distorsione a percepción da fachada.

* CUMPRIMENTO DO DECRETO 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego:

No escrito presentado, o arquitecto redactor do Proxecto Técnico, alega da non obrigatoriedade de cumprimento da citada normativa.

Dende esta Oficina de Rehabilitación realizouse consulta ó Servizo de Arquitectura e Habitabilidade, que se pronunciou no sentido de que a citada normativa non é de obrigado cumprimento neste caso. Adxúntase escrito.

A edificación que se pretende rehabilitar, segundo datos do proxecto, conta cunha superficie construída total de 2.016,58 m².

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución presentado é de 485.670,18 ¤ (catrocentos oitenta e cinco mil seiscientos setenta euros con dezaoto céntimos); ascendendo o Presuposto de Contrata a 670.419,11 ¤ (seiscientos setenta mil catrocentos dezanove euros con once céntimos).

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

2º.- INFORME .

Visto o escrito do Sr. Secretario do Concello de Ribadavia, estimo oportuno informar o seguinte:

Dende o punto de vista técnico, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.

Visto o Informe Xurídico de data 08.05.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para **proxecto básico e de execución da reforma casa cuartel da Garda Civil**, trátase dunha obra maior.

4.- De acordo co art. 16 do PEPRI ao tratarse dunha obra maior precisaría do dictamen da Comisión de seguimento que foi obtido o 02.04.2009 con carácter favorable.

5.- As actuacións que se pretenden realizar cumpren as normas subsidiarias aplicables no Concello en tanto non se proceda á aprobación definitiva do PXOM.

6- Por último como se desprende do informe da arquitecto de data 08.05.2009 a actuación que se pretende realizar non está afectada pola suspensión de licenzas.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a licenza de obra maior a don Juan Antonio Jiménez Barea, Coronel Xefe do Servizo, para realización de obras segundo o proxecto de execución de reforma Casa Cuartel Garda Civil”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- CORRECCION DE ERRO MATERIAL.-

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno de data 04.05.09, onde di:

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a licenza de primeira ocupación a don Juan Carlos González Loeda en representación de Promociones Boporte S.L para a actuación solicitada. ”

Debe dicir:

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a licenza de primeira ocupación a don Juan Carlos González Loeda en representación de Promociones Boporte S.L con dirección na carretera de Francelos nº34”

2º.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Miguel A. Pérez García**, con domicilio camiño do Cubo, Sampaio con número de rexistro de entrada 3018. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 08.05.2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Camiño do cubo, Sampaio (REF CAST: 2538311NG7823N0001OX) , a solicitude de don Miguel A. Pérez García, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- .-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Miguel García Domínguez**, con domicilio en Rúa Quintero Ventosela con número de rexistro de entrada 2872. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 04.05.2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Quintero, Ventosela, (REF CAST: 000909500NG78C0001FR) , a solicitude de don Miguel García Domínguez, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3º. CUALIFICACIÓN PROVISIONAL

“Vista a solicitude de **dona Antonia Rodríguez Rodríguez en representación de María Rodríguez Gulin**, con domicilio na Tv. De Santiago II nº10 Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Tv. De Santiago II nº10 de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito do **Ministerio de Cultura** con data de entrada no Concello de 08 de maio do 2009 e nº RE 3006 relativo a concesión ó Concello de Ribadavia unha subvención por importe de 200.000,00 € para actuacións no Castillo dos Sarmientos.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros aceptar a subvención outorgada polo Ministerio de Cultura, Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales, obrigándose así mesmo a cumprir as obrigas derivadas da resolución de outorgamento polo Ministerio de Cultura.

2º.- Escrito da **Deputación Provincial de Ourense** con data de saída da Deputación de 28 de abril do 2009 e nº RS 8513 relativo á celebración dun convenio de colaboración en relación ó cumprimento do Real decreto 140/2003, sobre obrigas municipais en materia de augas destinadas ó consumo humano.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda non proceder á suscripción do antedito convenio posto que actualmente xa está prestando estes servicios coa empresa municipal Aqualia.

3º.- Comunicación da **Diputación Provincial de Ourense** en relación co convenio suscrito pola Diputación e a compañía Mercantil Urbaser S.A para a prestación do servizo de recollida selectiva de aceites domésticos e posible adhesión do Concello de Ribadavia ó citado convenio.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda non suscribirse ó convenio xa que actualmente xa está prestando o antedito servizo.

4º.- Escrito de **Gestima S.L** con data de entrada no Concello de 11 de maio de 2009 e nº RE 3031 no que anexa documentación sobre a marcha da explotación da concesión do Parking sito na Alameda de Ribadavia.

5º.- Escrito da **Consellería de Sanidade** con data de entrada no Concello de 06 de maio do 2009 e nº RE 2994, relativo “programa galego de vixilancia de auga de consumo humano”.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda a remisión do citado escrito á empresa municipal Aqualia.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA SALA DE ENSAIO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Acondicionamento de Local para sala de Ensaio”, redactada polo técnico director da obra Dona Begoña Arregui Rodríguez e Dona Mercedes Alvarez López, executada pola empresa Jaime Castro Trillo e Otra S.C., por un importe total de 11.460,81 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 11.460,81 euros..

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Jaime Trillo e Otra S.C., pola mesma cantidade.”

CERTIFICACIÓN Nº4 DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA SALA DE ENSAIO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 4 da obra denominada “Acondicionamento de Local para sala de Ensaio”, redactada polo técnico director da obra Dona Begoña Arregui Rodríguez e Dona Mercedes Alvarez López, executada pola empresa Jaime Castro Trillo e Otra S.C., por un importe total de 15.759,54 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 15.759,54 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Jaime Trillo e Otra S.C., pola mesma cantidade.”

CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DE SAN PAIO, SANTO ANDRE, FRANCELOS, FRANQUEIRAN E PREXIGUEIRO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro”, redactada polo técnico director da obra Don Manuel Cameáns Rodríguez, executada pola empresa Aopil S.L., por un importe total de 93.308,44 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 93.308,44 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Aopil S.L co nº 908000106, de data 30.04.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO DE SAN CRISTOVO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo”, redactada polos técnicos directores da obra Dona Mercedes Alvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez, executada pola empresa Milcons S.L., por un importe total de 13.775,96 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 13.775,96 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Milcons S.L. co nº090404 , de data 30.04.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

ADSCRIPCION PERSOAL PROGRAMAS COMUNITARIOS.-

Tendo en conta a participación do Concello no Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a adscripción de persoal quedando do seguinte xeito:

-Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Dona Sonia Couso Fernández. A adscripción será dende o 1 de outubro de 2008 e nun porcentaxe do 50%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

-Proxecto 0113VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Don Ivan Martínez Arias. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2009 e nun porcentaxe do 100%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

-Proxecto 0113 VINO GNP 1 E. Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013. Financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a Don Vicente Soto Rodríguez, na súa calidade de Interventor do Concello. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2009 e nun porcentaxe do 16%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO